



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 17 de marzo de 2016, á vista da solicitude de reavaliación formulada polas Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, Hospital Universitario Lucus Augusti e Complexo Hospitalario Universitario de Ourense **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, modificar as condicións de inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde segundo o exposto a continuación, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

DENOSUMAB

na prevención de eventos relacionados co esqueleto (fractura patolóxica, radioterapia ósea, compresión da médula espinal ou cirurxía ósea) en adultos con metástases óseas de tumores sólidos, nas seguintes situacións:

- Pacientes que presenten contraindicación a ácido zoledrónico, como no caso de insuficiencia renal con aclaramento de creatinina inferior a 30 mL/min.
- Pacientes con aclaramento de creatinina entre 30 mL/min e 60 mL/min:
 - nos que se prevea un deterioro da función renal por tratamento concomitante con medicamentos nefrotóxicos, ou
 - en situacións de deterioro renal progresivo.

Esta resolución é comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2016

Presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica



XERENTES DAS XERENCIAS DE XESTIÓN INTEGRADA

asistencia.sanitaria@sergas.es

www.sergas.es

Tel. 881 542 815 - Fax 881 542 897

Edificio Administrativo San Lázaro

15781 - Santiago de Compostela - A Coruña